

Solidariedade coa loita dos estudantes de Valencia

29 de febreiro

Xornada de loita estudiantil en todo o Estado

¡Basta...

**...de represión policial!
...de recortes no ensino público
...de paro xuvenil!**



Hai que parar os institutos e organizar manifestacións e concentracións en todo o Estado

Desde hai días as rúas de Valencia viven momentos que recordan á ditadura franquista. Centos de policías antidisturbios, seguindo as ordes da Delegada do Goberno do PP, cargaron brutalmente contra estudantes de secundaria cuxo único delito era manifestarse pacificamente en defensa do ensino público e contra os recortes aprobados polo goberno da Generalitat valenciana. Os estudantes do IES Lluís Vives e doutros centros, foron vítimas dunha brutalidade policial que recorda a actuación da policía franquista nos anos setenta. Os estudantes foron golpeados violentamente, con porrazos e patadas, cercados e tratados como delincuentes perigosos. Dúcias foron detidos. Nesta brutal actuación policial, os insultos e vexacións foron a norma. A ninguén escápaselle que a decisión do PP de utilizar esta violencia contra os estudantes non é casual: pretenden amedrentar aos mozos que loitamos polos nosos dereitos, pero non o van conseguir.

Desde o Sindicato de Estudantes volvemos reiterar a nosa total solidariedade cos estudantes valencianos, cos compañeiros do Lluís Vives, cos detidos e cos seus familiares. Esiximos a liberdade sen cargos de todos os compañeiros detidos e a dimisión inmediata da Delegada do Goberno e do Ministro do

Interior que están amparando esta actuación policial propia dunha ditadura.

XORNADA DE LOITA ESTUDANTIL O 29 DE FEBREIRO EN TODO O ESTADO

Os nosos compañeiros de Valencia están mobilizándose desde hai semanas en defensa de algo que é completamente xusto: unha educación pública de calidade. Desde hai anos, o Goberno do PP instalado na Generalitat non fixo máis que recortar os orzamentos educativos favorecendo descaradamente a privatización do ensino. Mentres os empresarios fórranse con subvencións públicas, os centros de estudo do País Valencià degrádanse rapidamente: **miles de estudantes dan clases en barracóns, hai cortes continuos de electricidade e da calefacción nas aulas; despídense profesores e a masificación cada día é máis insoportable.** Un panorama semellante ao que se vive en centos de centros de estudo do resto do Estado, e que o goberno central do PP, cos seus recortes ao ensino público, vai a empeorar.

O pasado 16 de febreiro, o Sindicato de Estudantes convocou unha folga xeral en toda a Comunidade Valenciana que foi seguida masivamente: as aulas quedaron baleiras e as manifestacións foron multitudinarias. En Valencia capital máis de 20.000 mozos e mozas abarrotaron o centro da cidade, e miles máis o fi-



Sindicato de Estudantes

xeron en Castellón, Alacante e numerosas localidades. Antes desa data xa tiñamos saído á rúa por miles xunto aos nosos pais e profesores, aquí en Galiza e tamén en Madrid, Catalunya, Navarra, Andalucía e o resto do Estado.

O goberno do PP, cun completo desprezo polas nosas reivindicacións, só soubo responder con máis agresións, máis represión e máis mentiras. Non escoita a voz da mocidade, non dedica o diñeiro aos nosos centros de estudo, pero si mobiliza enormes recursos públicos para regalarllos aos banqueiros, comprar gases lacrimóxenos e apoiar aos seus medios de comunicación afíns para que insulten aos mozos que loitan polo seu futuro.

A dereita demostra coa súa actuación unha enorme debilidade: sen argumentos recorren aos porrazos. Si, a mocidade e os traballadores somos fortes e somos máis. O pasado 19 de febreiro máis de dous millóns de traballadores, parados, pensionistas e xóvenes, enchemos as rúas de todo o Estado contra a reforma laboral aprobada polo goberno de Rajoy. Unha reforma que deixa vía libre aos empresarios para escravizar-nos, pagarnos salarios miserables, e que ademais non vai crear emprego senón facilitar miles de despedimentos, iso, si, gratis.

Fronte a esta ofensiva da dereita temos que responder con claridade: Hai que loitar, mobilizarnos masivamente e unitariamente, demostrar que non imos aceptar que unha minoría siga a facer fabulosos beneficios a costa do sufrimento da maioría da poboación.

No País Valencià, o Sindicato de Estudantes convocou folga xeral para o 29 de febreiro. Pero ese día os nosos compañeiros deben sentir todo o apoio do conxunto do movemento estudiantil do resto do Estado. A súa loita é a nosa loita, a represión que sufriron, os golpes que recibiron, tamén son sufrímolos nós

Por iso desde o Sindicato de Estudantes chamamos o **29 de febreiro a unha xornada de loita en todo o Estado** en solidariedade cos nosos compañeiros de Valencia. Chamamos a todas as organizacións e colectivos estudiantís e de esquerda á unidade de acción, a sumar forzas para que se escoite a voz da mocidade na rúa e o noso clamor contra este goberno dos recortes e a represión. Para esta xornada **propoñemos que a realización de asembleas en todos os centros de estudo, que se voten resolucións de apoio aos estudantes valencianos, que se esixa a dimisión da Delegada do Goberno, do Ministro do Interior e dos mandos policiais implicados.** É necesario lograr o apoio dos profesores e dos nosos pais, que coma se viu en Valencia, en numerosas imaxes e vídeos, están ao noso lado e totalmente indignados pola violencia policial. E o máis importante, temos que lograr que o 29 de febreiro párense as clases e se organicen concentracións e manifestacións en todas as cidades. Os estudantes non somos criminais, somos o futuro e imos loitar por el. Se os nosos pais tombaron a ditadura franquista, nós imos derrotar os recortes e a represión dun Goberno que tardou moi pouco tempo en demostrar o seu carácter autoritario.

¡Basta de represión policial contra a mocidade!

¡Liberdade inmediata para os estudantes detidos!

¡Basta de autoritarismo! ¡Dimisión da Delegada do Goberno en Valencia e do Ministro do Interior!

Non aos recortes ¡Defendamos o ensino público!

¡Non ao despedimento de profesores! ¡Os recursos públicos para o ensino público, non ás subvencións para engordar o negocio da privada!

¡Basta de paro xuvenil e de escravización nas empresas!

¡Non á reforma laboral!

¡Obreiros e estudantes unidos e adiante! Os dirixentes sindicais deben convocar xa unha folga xeral estatal para frear os ataques e as contrarreformas do PP!

Consulta a nosa web para saber o sitio da concentración ou manifestación no teu concello

www.sindicatodeestudiantes.net

Coruña: 656 457 257 • **Compostela:** 679 500 266 • **Ferrol:** 678 420 888 • **Lugo:** 615 631 072 • **Vigo:** 630 431 613
Galiza: Rúa Casas Reais 8, 1er piso, Compostela - Tlf: 981 563 100 ext. 12867 / 636 217 248

galiza / acorunha / santiago / vigo @sindicatodeestudiantes.net